

PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 3ºESO (3ª AVALIACIÓN)

I. TRABALLO E ACTITUDE NA AULA

(Libro de Apoio: *Lingua e Literatura 3*)

(A súa Cualificación suporá o 20% da nota global do trimestre, é dicir, até 2 puntos sobre 10)

0. Repaso do 2º Trimestre.
1. Comunicación oral: Realización de comentarios críticos orais sobre mensaxes dos medios de comunicación. (Tema 1)
2. Comunicación escrita: Realización de comentarios críticos escritos sobre mensaxes dos medios de comunicación. (Tema 1)
3. Funcionamento da lingua: Lexicoloxía. Os desvíos normativos. (T 4) (T 6)
4. Lingua e sociedade: Dúas linguas nunha sociedade. O Rexurdimento. (T 7)
5. Educación literaria: Literalúdica. Literatura do Século XIX. (Tema 8)

II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A HISTORIA DA LINGUA (PTIC)

(A súa Cualificación suporá 35% da nota global do trimestre, é dicir, até 3´5 puntos sobre 10)

TÍTULO: ***O nacemento do Galeguismo e o Rexurdimento literario.***

1. Elaboración dun tema (máximo 40 liñas) partindo dos resumos feitos do libro de texto e das páxinas web indicadas polo docente.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TIC que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TIC

DATAS: Entrega e Exposición: última semana de Maio.

III. LECTURAS (PL)

(A súa Cualificación suporá o 10%, até 1 punto sobre 10)

Lectura Obrigatoria: *A pomba e o degolado.* Fina Casalderrei

DATA: Finalizada: última semana de Outubro.

Outras Lecturas: Realizadas as lecturas requeridas polo profesor/a, o alumno/a escollerá libremente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Ao longo do trimestre o alumno/a irá realizando as lecturas voluntarias que estime oportunas e dará conta delas a través dos seus comentarios depositados no *Blogue* do grupo-clase ou ben a través dos informes enviados ao enderezo electrónico do profesor/a.

(PL) (PTIC)

(A Avaliación deste labor voluntario **darase por rematado o día do exame** e suporá 1/10 da nota global do trimestre, é dicir, unha Cualificación de até 1 punto sobre 10)

IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá 35% da nota global do trimestre, é dicir, até 3´5 puntos sobre 10)

Seguirá o modelo da Avaliación Inicial, consistente nun texto en torno ao cal se realizarán preguntas para avaliar o grao de asimilación das aprendizaxes do trimestre. Buscarase sempre que sexa formativo e informativo, mais non sumativo nin concluínte.

DATA: Realización: segunda semana de Xuño.